



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: [Secretariafcbgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcbgalega@gmail.com)

Web: [federacioncolumbofilagalega.com](http://federacioncolumbofilagalega.com)

### ACTA 1/2024

#### REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

En Santiago de Compostela, en data do 15 de marzo de 2024, reúnese a Comisión Delegada desta Federación **de forma telématica** en segunda convocatoria, ás 20:00 horas, baixo a presidencia de D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

**Presidente:** D. Enrique Freire Sobral  
**Secretario:** D. Manuel Rey San Luis

**Estamento de clubs:**

D. Carlos García Balboa  
D. Carlos Budiño Pereira  
D. Javier Fernández Pena

**Estamento de deportistas:**

D. Rafael Piñeiro Rodríguez  
D. Julio González Iglesias  
D. Manuel Vilaboa Almeida

Excusan a súa asistencia a esta reunión os seguintes membros:

**Tesoureiro:** D. José R. Costas Carbajal  
**Estamento de Clubs:** D. David Rodríguez Romero  
**Estamento de Deportistas:** D. Pedro Becerra González

Reúnese a Comisión Delegada co único punto da **Orde do día:**

- 1. Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior.**
- 2.- Analizar as datas das soltas de Gran Fondo, así como o aforro no custo das mesmas.**
- 3.- Documentación e encestes para as soltas nacionais e subvención das mesmas.**

**Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR.**

Os asistentes coñecen a acta nº 3 de data 14 de maio de 2023 que se lles remitiu coa convocatoria.

Non realizándose ningunha obxección á mesma, apróbase por unanimidade.

**Segundo.- ANALIZAR AS DATAS DAS SOLTAS DE GRAN FONDO, ASÍ COMO O AFORRO NO CUSTO DAS MESMAS.**

Ponse en coñecemento dos membros asistentes da solicitude recibida por parte da Comisión Deportiva en canto á modificación nas datas de enceste e solta das soltas de Gran



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

Web: [federacioncolumbofilagalega.com](http://federacioncolumbofilagalega.com)

Fondo, motivado polo alto custo que supoñería realizar estas soltas nas datas actuais segundo orzamento recibido por parte de Mourelle, no cal nos informa do incremento no importe que supoñería realizar os encestes nos martes, sendo este incremento de 500.- € por cada unha das soltas de Gran Fondo. Tamén temos coñecemento a través de Mourelle de que Carlos Durán non poderá realizar os labores de convoyer auxiliar para esas datas, co cal o aforro que se obtería con respecto ao ano pasado por este concepto sería de entre 700 e 800.- euros.

En total obteríamos un aforro estimado de entre 1.700.- e 1.800.- euros en Gran Fondo se se modifican as datas de enceste e solta actuais.

As modificacións de datas propostas pola Comisión Deportiva para estas soltas serían as seguintes:

Solta de Almansa: enceste o día 14 de Xuño (venres) e solta o día 16 de Xuño (domingo)

Solta de Canet de Mar: enceste o día 12 de Xullo (venres) e solta o día 14 de Xullo (domingo)

Unha vez valorada esta situación e tendo en conta o aforro económico que se obtería coa modificación das datas destas soltas, acórdase a modificación das datas para as soltas de Gran Fondo (Almansa e Canet de Mar) tal e como propón a Comisión Deportiva.

Dado que estas soltas entran dentro do campionato nacional, esta modificación deberá ser notificada á RFCE para a súa aprobación polo Comité Deportivo Nacional.

### **Terceiro.- INFORMACION DA DOCUMENTACIÓN E ENCESTES PARA AS SOLTAS NACIONAIS E SUBVENCIÓN DAS MESMAS.**

Os membros asistentes son informados a través da Comisión Deportiva dos cambios levados a cabo pola RFCE en canto refírese á forma de actuar nos encestes das soltas nacionais, documentación necesaria e fiscalización destas soltas, así mesmo, tamén se lles informa de que a subvención recibida por parte da RFCE pola participación nos campionatos nacionais non se debería incluír como unha subvención a toda a federación, senón que se ten que sufragar soamente para os socios participantes nos campionatos nacionais, tal e como o esixe a RFCE.

Isto último, trasladarase á próxima reunión da Asemblea Xeral como proposta para o seu estudo e aprobación.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión da Comisión Delegada, sendo as 21:35 horas, da data sinalada.

Asdo: Enrique Freire Sobral  
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis  
-Secretario-